

## ACTA Nº 21/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE MAIO DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 27 de abril de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 20/09, do 27/04 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 85/09 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAMERTOLAMEU** presenta proxecto de estudo técnico para colocación de tella, chorreo, limpeza e pintado enfachadas exteriores dun edificio, sita na r/Almansa nº 20, portal 4, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 31 de marzo de 2009. Orzamento das obras 10.619,34 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de abril de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co e fachadas previo chorreo e limpeza, colocación de tellas previa impermeabilización e reparación co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como do uso preexistente así como colocación de canalón e pintado de fachadas.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	297,34 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.B) EXPTE. 86/09 – D. ANTONIO CAMBRA LAGO** presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiar, sita no lugar da Miranda, núm. 106, do barrio da Seara-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visada na data 23.04.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de abril de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** das obras de conservación en cuberta, enfoscado e pintado de fachadas e paramentos interiores, alicatado en cociña e baño, solado en toda a vivenda e substitución de carpintería exterior e interior definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na restauración parcial dunha obra fóra de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sen incremento do valor de expropiación nin máis consolidación que o reforzo parcial cando as obras non están afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	217,76 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.C) EXPTE. 186/08 – D. VICENTE VERDEAL RÍOS** presenta proxecto de construción de forxado para edificación auxiliar, sita no lugar da Carrasqueira, 137A, di barrio do Igrexario-Tirán, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 08.07.2008, co obxecto de legalizar o expte. nº 44/2008 de reposición da legalidade urbanística, incoado na data 13.06.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de abril de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** FORXADO SOBRE EDIFICACIÓN AUXILIAR (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** en base co proxecto presentado.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo provincial de estradas.

Presenta documento público de arrimo.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Coa presente licenza queda legalizada a obra sometida o expediente de reposición da legalidade 44/08.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	159,02 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

## **3- APERTURAS**

**3.A) EXPTE. 09/09 – D. PAULO RIVAS FERVENZA**, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 24 de febreiro de 2009, licenza de apertura para establecer unha EXPENDIDURÍA DE TABACO na Xunqueira, 47 baixo.

Visto o informe do aparelador municipal do 29 de abril de 2009, que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A EXPENDIDURÍA DE TABACO.

**INFORME: Procede licenza** de apertura para establecemento comercial destinado a EXPENDIDURÍA DE TABACO a favor de PAULO RIVAS FERVENZA. Actividade suxeita a licenza de apertura a tenor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se parva o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 285/08 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30 de marzo de 2009.

A ordenación de usos das NN.SS. De Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente.

**Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparellador municipal, acorda conceder a **D. PAULO RIVAS FERVENZA** licenza para a implantación da actividade de EXPENDIDURÍA DE TABACO no local situado na Xunqueira, 47 baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

**3.B) EXPTE. 50/05 – PROMOCIONES SOUTO Y GONZALEZ, S.L.**, solicita licenza de apertura para establecer un centro de Spa-Talaso nas plantas de soto, pranta baixa e primeira pranta do edificio construído nas parcelas 13, 14, 9B, 10C, 12B e 11 C do Plan Parcial Rosal Sur, do barrio do Redondo.

Visto o informe do aparellador municipal do 29 de abril de 2009, que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA SPA-THALASSO

**INFORME: Procede licenza de apertura** con destino establecemento para SPA-THALASSO a favor de PROMOCIONES SOUTO Y GONZALEZ S.L.. Actividade suxeita a licenza de apertura a tenor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 284/05 concedida pola Xunta de Goberno Local con data de 26/12/2005.

A licenza urbanística de uso e obras outorgouse definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas e certificado de illamento acústico aportado por entidade homologada; aos efectos de verificación que os locais e instalacións reunen as condicións do proxecto o expediente conta Acta de Comprobación mediante licenza de primeira ocupación asinada polo Arquitecto Técnico municipal que supervisou o resultado da execución material das obras.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 13.200 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **PROMOCIONES SOUTO Y GONZALEZ, S.L.** licenza para a implantación da actividade de SPA-THALASSO no local situado nas plantas de soto, pranta baixa e primeira pranta do edificio construído nas parcelas 13, 14, 9B, 10C, 12B e 11 C do Plan Parcial Rosal Sur, do barrio do Redondo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

### **4.-PECHE**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 87/09 - D. JOAQUIN MANUEL DA SILVA** solicita licenza para a construción de muro de peche de 40,70 ml. por 2,00 m de altura (81,40 m<sup>2</sup>) a lindantes, no lugar de Verdeal, parroquia de Domaio, de conformidade coa documentación presentada. Orzamento das obras: 1.150 €.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de abril de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** CERRAMENTO

**INFORME:** **Procede licenza** de acordo co especificado na petición.

Non require informes sectoriais.

A lindantes.

Altura máxima a partir da rasante do terreo será de 2,00 metros.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 47,95 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

## **5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

**5.A)** O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por PROMOCIONES Y CONTRATAS RÍA DE VIGO, S.L. no que SOLICITA Licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar de Couso – parcela 3, Meira, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 92/2006, concedida pola XGL en sesión de data 24.07.2006).

Visto que a dito escrito se lle engade a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 29 de abril de 2009 que di:

### **INFORME TÉCNICO SOBRE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 92/06 – PARCELA NÚM. 3**

#### **FEITOS:**

1. Promociones y Contratas Ría de Vigo, S.L. presenta no Rexistro xeral deste Concello o día 29 de abril de 2009, co número de entrada 3251, unha solicitude de licenza de primeira ocupación pra vivenda unifamiliar sita no lugar de Couso, Meira – Parcela núm. 3, que conta coa licenza municipal de obras expediente nú. 92/05.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1. A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo Concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.
2. A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:
  1. Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión de aos sumidoiros.
  2. Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polos arquitectos técnicos D. José Ponce Yáñez e D. José Buceta Amoedo, o día 10 de xaneiro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 11 de marzo de 2008; asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez o día 10 de xaneiro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 10 de abril de 2008.
  3. Fotografía da obra rematada.
  4. Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

## **INFORME**

Unha vez que se comprobou a documentación requiridaa e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación ..... 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 92/2006, á súa promotora PROMOCIONES Y CONTRATAS RÍA DE VIGO, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

**5.B)** O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. DOMINGO ARAUJO RODRÍGUEZ como administrador de PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, no que SOLICITA Licenza de primeira ocupación para as 15 vivendas da edificación vivenda unifamiliar situada en Ramón Cabanillas, 170 de Moaña, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 96/2006, concedida pola XGL en sesión de data 24.07.2006).

Visto que a dito escrito se lle engade a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 27 de abril de 2009 que di:

**ASUNTO:** Solicitude de licenza de primeira ocupación

**OBRA:** Edificio de 15 vivendas e un local comercial

**INFORME:** **Procede informar favorablemente a solicitude de licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Alejandro Fernández Suárez, o día 23 de outubro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 05 de decembro de 2008; asinado polo arquitecto D. Rafael Nogueiras Mascarenhas o día 23 de outubro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 17 de decembro de 2008.
- Certificación de illamento acústico favorable para o desenvolvemento da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, ENMACOSA, S.A..
- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros, para 15 vivendas e un local comercial.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

- Fotografías do estado final da obra.

### Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación ..... 1.520,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para 15 vivendas e local comercial dimanante da licenza en Expte. nº 96/2006, á súa promotora PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

### 6.- CESIÓN DE TERREOS PARA AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS.

D. JOSÉ CIDRÁS FREIRE, con domicilio na rúa Sisalde nº 42, cede gratuíta e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 29,11 m<sup>2</sup> dun terreo da súa propiedade situado entre a rúa Curros Enríquez e a Moca para ampliación e construción de beirarrúas (tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez e a Moca) e piden que o Concello se comprometa a construírle o muro de contención de terras e o cerramento á vía pública ao longo do terreo cedido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Pimeiro: Aceptar a cesión de 29,11 m<sup>2</sup> de terreo propiedade de D.José Cidrás Freire e recoñecerlle que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

Segundo: Comprometerse a construírle o muro de contención de terras e o cerramento á vía pública ao longo do terreo cedido.

### 7.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	Reposicion poste con dúas luminarias, na rúa Ramón Cabanillas	SETGA, S.L.U.	5110 21000 RC 697	1.224,29€
CULTURA	Suscripción para as bibliotecas municipais	XORNAL DE GALICIA, S.A.	4511-22001 RC 696	885,00 €
CULTURA	Servizo de autocar programa correlingua	AUOCARES BENITO GARCÍA	4510-22611 RC 695	642,00 €
SEGURIDADE	Vestuario para a Policía Local	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	2220-22104 RC 698	1.904,75 €



Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 8.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se aprobe a relación de facturas nº 163 presentada pola Intervención municipal de data 28 de abril de 2009, levada á Comisión de Facenda desa mesma data, por importe de 112.336,74 euros, cuxa relación empeza por BARROS VILLAR, MARÍA JULIA polo importe de 5.220,00 euros e remata coa factura AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS polo importe de 306,72 euros, e que está integrada por tres anexos:

- Anexo I: gastos do ano 2009 que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos do ano 2009 que contan con Retención de crédito ao inicio da tramitación e proposta de gasto.
- Anexo III: gasto do ano 2009 que non contan con tramitación contable.

Factura	Interesado	Partida	Importe
173/09	BARROS VILLAR, Maria Julia	4510 22608	5220
105	ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE	3130 22703	3973,92
C/15	MONFORTE S.A.	2220 20400	948
288160	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS S.	1210 22201	764,68
1	ASOCIACION DE VECIÑOS SAN MARTIÑO	4510 22608	60
80/09	E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.	4510 22608	1580
98	IRIMIA PALMEIRO, Maria Luisa	4511 22608	100
100	MONTES COSTAL, Maria Luz	4120 22108	80,34
101	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	135,35
99	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	40,51
98	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	296,5
102	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	267,63
103	MONTES COSTAL, Maria Luz	1210 22108	90,12
104	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	90,57
105	MONTES COSTAL, Maria Luz	5110 22109	30,8
107	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	220,68
108	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	159,19

106	MONTES COSTAL, Maria Luz	4430 22108	111,87
1657	PEYCAR PONTEVEDRA S.L	1210 22611	51,62
20	JUNCAL BARROS, Israel	4520 22601	234,68
21	JUNCAL BARROS, Israel	3130 22614	64,96
900002	URBASER S.A.	4420 22608	17933,32
1965	A & B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGIA	5110 21000	821,28
2090137	ESYCSA	2220 21300	974,4
110	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	50,11
2090136	ESYCSA	2220 21300	675,34
900019	URBASER S.A.	4421 22700	1638,14
52/2009	RUA RUA, F. David	4520 22611	52,2
53/2009	RUA RUA, F. David	2220 62300	1276
51/2009	RUA RUA, F. David	1210 22611	81,2
044/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	108,3
045/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	216,6
046/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	108,3
047/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	54,15
048/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	54,15
049/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	54,15
50/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	108,3
2709	RECAMBIOS MOLARES, S.L.	5110 21400	180,17
0048/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 21600	351,87
02-009	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	4510 22612	1110,42
40	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	1210 22000	90,48
39	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	1210 22000	48,72
159	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	50,11
172	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	366,99
171	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	328,7
170	MONTES COSTAL, Maria Luz	4511 22108	14,62
168	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	49,01
166	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	130,02
167	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	77,94
165	MONTES COSTAL, Maria Luz	1210 22108	150,28
164	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	226,33
163	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	109,75
162	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	73,16
161	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	71,14
160	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	63,99
182	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	139,29
184	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	65,39
183	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	68,31
181	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	218,08
180	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	99,99
178	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	223,21
177	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	101,49
176	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	113,68
174	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	110,15

175	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	132,37
173	MONTES COSTAL, Maria Luz	5110 22109	79,34
907-09	LA VOZ DE GALICIA S.A.	7510 22602	881,6
169	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	46,03
187	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	319,73
179	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	117,45
36	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	4513 22109	60,32
3212	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	4520 22103	541,07
42	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	3130 22000	119,48
41	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	3130 22614	44,08
157	ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE	3130 22703	4178,46
4325/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	4320 22000	2,6
4328/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	4440 22000	8,17
4324/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	5110 22109	13,25
290233	TELGA COMUNICACIONES S.L.	2220 20900	89,27
3432	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2221 22103	106,67
3433	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2220 22103	288,16
3430	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	5110 22103	1093,73
252	HORMIGONES S.A.	5110 21000	948,04
2837	RECAMBIOS MOLARES, S.L.	5110 21400	45,15
900030	URBASER S.A.	4421 22700	1638,14
90003	URBASER S.A.	4420 22608	17933,32
358797	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	1459,14
185	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	371,35
186	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	167,56
2090144	ESYCSA	2220 21300	354,54
4327/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	1210 22000	5,4
4333/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	1210 22000	4,87
4329/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	1210 22000	54,13
3431	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1210 22103	28,99
541	DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA,S.L.P	4520 22706	6844
542	DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA,S.L.P	4520 22706	14210
540	DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA,S.L.P	4520 22706	15834
1191483	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A.	1210 22101	64,47
526/09	SANCHILAN,S.L.	2221 22103	31
140/09	MONTAJE CONSERVACION INDUSTRIAL VIGO S.L	1210 21200	121,74
4343	KOPIAK MOAÑA S.L.	4510 22000	6,9
01-09	ASOCIACION VECIÑOS BERDUCEDO E PIÑEIRO	4510 22608	60
37	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	4510 22000	252,88
4326/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	3130 22000	7,57
21	BOCA A BOCA DISEÑO COMUNICACION, S.L.	3130 21200	104,4
568735	AON GIL Y CARVAJAL S.A. CORREDURIA DE SE	2221 22401	306,72
TOTAL .....			<b>112336,74</b>

Visto o informe do interventor 82/2009 do 28 de abril de 2009, no que se refire ao incumprimento nalgunhas facturas incluídas nos anexos II e III de trámites previstos na

Lei de contratos do sector público, nas bases de execución do orzamento e no RD 1496/2003, así como a asunción de gastos pola prestación de servizos municipais non obrigatorios,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga das facturas relacionadas na **relación número 163**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, por entender que os servizos foron efectivamente executados e, noutros casos, por entender que o pago dos servizos correspóndelle realizalo ao Concello.

## **9.- FACTURA UNIÓN FENOSA**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 28 de abril de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de enerxía eléctrica do mes de marzo de 2009 reflectido nas facturas de Unión Fenosa, por un importe de 47.141,49 euros, e recoñece a obriga con cargo as partidas orzamentarias sinaladas no RC 2009-649.

## **10.- FACTURA TELEFONÍA MÓBIL (CONSUMOS MESES DE FEBREIRO E MARZO 2009)**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 28 de abril de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de marzo de 2009, reflectido na factura 28-D985-220125 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.766,63 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-650; tamén acorda aprobar a bonificación de 700,97 euros correspondentes a dita facturación.

Segundo: aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de febreiro de 2009, reflectido na factura 28-C985-348657 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.823,53 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-535; tamén acorda aprobar a bonificación de 732,73 euros correspondentes a dita facturación.

## **11.-FACTURA TELEFONIA FIXA (MES DE MARZO DE 2009)**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 28 de abril de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía fixa do mes de marzo de 2009, reflectido na factura 60-C955-003837 de Telefónica de España, por un importe de 3.423,73 euros, e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-590-0.

## **12.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CASAL (MOAÑA)”**

En data 30 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)” á empresa COMPOSAN CONSTRUCCION S.A. de TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (375.872,72 euros). (324.028,21 euros + 51.844,51 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 66.200,00 euros, sen IVE, adscripción de traballadores á obra: 35 traballadores, contratación de novo persoal: 6 traballadores, con contratos de sete meses de duración, e un prazo de garantía de 120 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 5 días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 16.201,41 euros euros. e no prazo de 5 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 19 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi remitido ao adxudicatario en data 2 de abril de 2009.

En data de 6 de abril de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 16.201,41 euros, como acredita mediante carta de pago nº 170 de 6 de abril de 2009. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, recibo de pago do IAE, e de estar ao corrente ca Seguridade Social.

En data 29 de abril presenta compromisos de contratar a seis persoas en situación legal de desemprego.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)” á empresa COMPOSAN CONSTRUCCION S.A. de TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (375.872,72 euros). (324.028,21 euros + 51.844,51 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 66.200,00 euros, sen IVE, adscripción de traballadores á obra: 35 traballadores, contratación de novo persoal: 6 traballadores, con contratos de sete meses de duración, e un prazo de garantía de 120 meses.

**SEGUNDO.-** Requiritr do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para

subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscripción de medios comprometidos á execución do contrato.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao redactor do proxecto D. José Luis Dominguez González.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

### **13.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO ALMACÉN, SAN BARTOLOMEU, A PRAIA, TIRÁN E O CASAL NO CONCELLO DE MOAÑA”**

En data 13 de abril de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña” á empresa HPC IBÉRICA S.A. por importe de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, un prazo de garantía de 24 meses, adscripción de traballadores á obra: 4 traballadores, contratación de novo persoal: 1 traballador Oficial 2ª. Prazo de contratación de 2 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 5 días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 16.201,41 euros euros. e no prazo de 5 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 19 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi remitido ao adxudicatario en data 2 de abril de 2009.

En data de 26 de abril de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 4.310,35 euros. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, recibo de pago do IAE, e de estar ao corrente ca Seguridade Social

En data 4 de maio presenta contratos de traballo do persoal adscrito á obra.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña” á empresa HPC IBÉRICA S.A. por importe de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, un prazo de garantía de 24 meses, adscripción de traballadores á obra: 4 traballadores, contratación de novo persoal: 1 traballador Oficial 2ª. Prazo de contratación de 2 meses.

SEGUNDO.- Requirit do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao

modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscripción de medios comprometidos á execución do contrato.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.”

#### **14.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “REURBANIZACIÓN RÚA AS BARXAS”.**

Visto o *Plan de seguridade e saúde* presentado pola empresa PLYGEPE, S.L. para a execución da obra “*Reurbanización da rúa As Barxas*”,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS BARXAS”.

Segundo: Nomear coordinador de seguridade e saúde a D. José Ponce Yáñez.

#### **15.- NOMEAMENTO DE COORDINADORES DE SEGURIDADE E SAÚDE EN FASE DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN.**

Vista a relación de obras de construción e a relación de arquitectos técnicos proposta para que ditos profesionais coordinen a seguridade e saúde na fase de execución desas obras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda nomear os seguintes coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción en fase de execución que de seguido se detallan:

<b>OBRAS DE CONSTRUCCIÓN</b>	<b>COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE EN FASE DE EXECUCIÓN</b>
Humanización do barrio do Real	D. Humberto Guimeráns Gallego
Instalación alumeado público desde a Cerradiña-A Devesa	D. José Buceta Amoedo
Acondicionamento de parques infantís	
Reforma do paseo marítimo da Praia	
Reforma do pavillón polideportivo do Rosal	
Instalación alumeado público do Pombal-Couso	D. José Ponce Yáñez
Construción de 2 campos de fútbol 7 – A Xunqueira	
Reurbanización da Avda. As Barxas	
Instalación de alumeado público Portal do	

Almacén-Broullón	D. Cristóbal Juncal Ríos
Instalación de céspede artificial no campo do Casal	
Reforma do pavillón polideportivo de Reibón	
Pavimentación de viais públicos no Caeiro	

## 16.- OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2007: MODIFICACIÓN DAS BASES

16.A) Vista a proposta da Alcaldía sobre modificación das “Bases xerais e específicas que regularán a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas e postos de traballo vacantes no plantel do persoal funcionario do Concello de Moaña, incluídas na oferta de emprego público do ano 2007”, que textualmente di:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DAS “BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS E POSTOS DE TRABALLO VACANTES NO PLANTEL DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MOAÑA, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2007**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 9 de decembro de 2008, aprobou as “Bases xerais e específicas que regularán a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas e postos de traballo vacantes no plantel do persoal funcionario do concello de moaña, incluídas na oferta de emprego público do ano 2007”. Ditas “Bases” foron publicadas no B.O.P. nº 30, correspondente ao 13 de febreiro de 2009, a efectos de atender reclamacións. Transcorrido o prazo de información pública, non se rexistrou ningunha reclamación de particulares. Con data 2 de abril de 2009, a Dirección Xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), remitiu informe ao Concello dunha serie de apreciacións coa fin de garantir a seguridade xurídica das mesmas. Asimismo, advertíronse por parte do Concello erros materiais na transcripción e publicación do acordo. Vistas as recomendacións sinaladas e os erros advertidos, propónse á Xunta de Goberno Local a modificación das “Bases”, que nas cláusulas modificadas adoptarán as seguintes disposicións (as modificacións sinálanse en cursiva):

### BASES XERAIS

#### OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Os membros do tribunal cualificador de cada unha das probas selectivas, serán designados polo Alcalde-Presidente e estará integrado por:

Presidente: *A tesoureira municipal do Concello de Moaña.*



Secretario: *O secretario da Corporación municipal.*

Vocais:

*O Interventor Municipal.*

Un vocal nomeado polo Alcalde-Presidente a proposta do Comité de Persoal.

Un experto ou técnico na materia que corresponda, que será nomeado polo Alcalde-Presidente.

Por cada titular nomearase un suplente, proposto de igual forma. *O Interventor Municipal será suplido por un funcionario adscrito á área de intervención.*

*A composición do tribunal axustarase ao sinalado no art. 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. [...]*

#### DÉCIMO PRIMEIRA. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS:

[...]

*V) Desde o momento en que remate un exercicio ou proba ata que comece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles.*

[...]

#### DÉCIMO QUINTA. ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES APROBADOS:

O anuncio da relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios municipal, conterá un recordatorio aos opositores aprobados que deberán presentar, se non o fixeron anteriormente, dentro dun prazo de *20 días naturais* contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria. [...]

#### DÉCIMO SEXTA. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN:

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo *dun mes a partir da publicación do nomeamento*. De non facelo, sen asistir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, os nomeados quedarán en situación de cesantes, anulándose todas as actuacións conducentes ao nomeamento, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera ter incorrido por falsidade na instancia de solicitude.[...]

### **BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO**

#### TÉCNICO DE XESTIÓN DE PERSOAL

4.- Exercicios da oposición:

[...]

PRIMEIRO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 60 preguntas con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente e correspondentes aos contidos do programa que se recolle como ANEXO I. O tempo de realización deste exercicio será de *60 minutos*. *Esta proba realizarase en lingua galega, de acordo co art. 35 do Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo.*

SEGUNDO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. *Consistirá no desenvolvemento escrito dun tema a elixir ao chou polo tribunal entre os que figuran na segunda parte do programa.* O tempo asignado para a realización desta proba será de 60 minutos.

TERCEIRO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico de tramitación de expediente propio da área de Persoal na Administración Local (contratación, expediente disciplinario, permisos e licenzas, baixa laboral, etc.), *a escoller polo tribunal*. O concorrente terá 90 minutos para a preparación do suposto e 30 minutos para a súa exposición diante do tribunal. [...]

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos e que se envíe ao BOP para a súa publicación con carácter urxente.

**16.B)** Vista a proposta da Alcaldía sobre modificación das “Bases xerais e específicas que regularán a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas e postos de traballo vacantes no plantel do persoal laboral fixo do Concello de Moaña, incluídas na oferta de emprego público do ano 2007”, que textualmente di:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DAS “BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS E POSTOS DE TRABALLO VACANTES NO PLANTEL DO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE MOAÑA, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2007**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 9 de decembro de 2008, aprobou as “Bases xerais e específicas que regularán a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas e postos de traballo vacantes no plantel do persoal laboral fixo do concello de moaña, incluídas na oferta de emprego público do ano 2007”. Ditas “Bases” foron publicadas no B.O.P. nº 31, correspondente ao 16 de febreiro de 2009, a efectos de atender reclamacións. Transcurrido o prazo de información pública, non se rexistrou ningunha reclamación de particulares. Con data 10 de marzo de 2009, a Dirección Xeral de Administración Local

(Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), remitiu informe ao Concello unha serie de apreciacións coa fin de garantir a seguridade xurídica das mesmas. Vistas as recomendacións sinaladas, propónse á Xunta de Goberno Local a modificación das “Bases”, que nas cláusulas modificadas adoptarán as seguintes disposicións (as modificacións sinálanse en cursiva):

## **BASES XERAIS**

### **OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas, serán designados polo Alcalde-Presidente e cada tribunal estará integrado por:

Presidente: O Secretario do Concello de Moaña.

Secretario: Un funcionario adscrito á área de Secretaría.

Vocais:

*Un vocal nomeado polo Alcalde-Presidente entre o persoal da área á que se adscribe o posto de traballo.*

Un vocal nomeado polo Alcalde-Presidente a proposta do Comité de Persoal.

Un experto ou técnico na materia que corresponda, que será nomeado polo Alcalde-Presidente.

Por cada titular nomearase un suplente, proposto de igual forma. [...]

### **DÉCIMO PRIMEIRA. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS**

[...]

*V) Desde o momento en que remate un exercicio ou proba ata que comece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles.*

[...]

### **DÉCIMO QUINTA. ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES APROBADOS**

O anuncio da relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios municipal, conterá un recordatorio aos opositores aprobados que deberán presentar, se non o fixeron anteriormente, dentro dun prazo de *20 días naturais* contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria. [...]

A toma de posesión e sinatura de contratos efectuarase dentro do prazo máximo *dun mes a partir da publicación do nomeamento*. De non facelo, sen asistir causa

xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera ter incorrido por falsidade na instancia de solicitude.[...]

## **BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO**

### **TÉCNICO DE INFORMACIÓN XUVENIL.**

#### **1.- Descrición da praza:**

1 praza de Técnico de Información Xuvenil. Posto de traballo laboral fixo equivalente aos efectos de titulación ao grupo A2 de funcionarios. *Titulación requirida: Diplomatura.* Dotado coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo a que sexa adscrita a praza. Quenda libre.

#### **3.- Exercicios da oposición:**

[...]

**PRIMEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 60 preguntas con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente e correspondentes aos contidos do programa común, Anexo I, grupo A2 e programa específico desta convocatoria. O tempo de realización deste exercicio será de 60 minutos. *Esta proba realizarase en lingua galega, de acordo co art. 35 do Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo.*

[...]

### **OFICIAL 1ª XARDINEIRO/A.**

#### **4.- Exercicios da oposición:**

[...]

**PRIMEIRO EXERCICIO:** Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de corenta preguntas con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios correspondentes aos contidos do Anexo I, grupo C2 e programa específico. O tempo de realización deste exercicio será de 60 minutos. *Esta proba realizarase en lingua galega, de acordo co art. 35 do Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo.*

**SEGUNDO EXERCICIO:** Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido do programa específico. *Os aspirantes terán un máximo de 30 minutos para realizar a proba.*

[...]

### **PEÓN XARDINEIRO.**

4.- Exercicios da oposición:

[...]

PRIMEIRO EXERCICIO: Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de trinta preguntas con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios correspondentes aos contidos do programa común, Anexo I, grupo de agrupación profesionais (E), e programa específico. O tempo de realización deste exercicio será de 60 minutos. O 90% das preguntas deste exercicio serán referidas ao temario específico e o 10% ao temario común. *Esta proba realizarase en lingua galega, de acordo co art. 35 do Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo.*

SEGUNDO EXERCICIO: Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido do programa específico. *Os aspirantes terán un máximo de 30 minutos para realizar a proba.*

[...]

LIMPADOR/A.

4.- Exercicios da oposición:

[...]

PRIMEIRO EXERCICIO: Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de trinta preguntas con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios correspondentes aos contidos do programa común, Anexo I, grupo de agrupación profesionais (E), e programa específico. O tempo de realización deste exercicio será de 60 minutos. O 90% das preguntas deste exercicio serán referidas ao temario específico e o 10% ao temario común. *Esta proba realizarase en lingua galega, de acordo co art. 35 do Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo.*

SEGUNDO EXERCICIO: Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido do programa específico. *Os aspirantes terán un máximo de 30 minutos para realizar a proba.*

[...]

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos e que se envíe ao BOP para a súa publicación con carácter urxente.

## **17.- MOBILIDADE**

D. José Graña Boubeta, como presidente da Asociación de veciños e veciñas de San Martiño de Moaña expón que integrantes da súa asociación solicitan o pintado de liña amarela que prohiba o estacionamento nas marxes ou vial de baixada dende a estrada

Porta do Cego-Coiro ata Quintela, xa que ao estacionar nunha das marxes se impide o correcto fluír do tráfico e a saída dos vehículos dende as vivendas.

Visto o informe do xefe da Policía Local do 24 de abril de 2009, no que indica que se fixo o estudo do solicitado pola Asociación de veciños/as e que o tramo vai desde o cruce da estrada EP 1104 ata o nº 92 de Abelendo é na súa parte máis ancha é de 4,40 metros e na máis estreita de 3,40, e como esta é unha vía de dobre sentido de circulación e para unha maior fluidez do tráfico habería que sinalizar con liñas amarelas ao borde da calzada nos dous sentidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a sinalización con liñas amarelas o tramo que vai desde o cruce da estrada EP 1104 ata o nº 92 de Abelendo, segundo se indica no informe do xefe da policía.

## 18.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
SUSANA COLLAZO OUTON	Auga, usos comerciais	Avda. José Costa Alonso, 32 - 2º D	Conexión auga ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia
JESÚS RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	Auga, usos doméstico	Bernardino Graña, ed. Poza da Moura, 23 - 2 , 4º G	Conexión auga ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia
HORTENSIA GONZÁLEZ BARREIRO	Saneamento, usos domésticos.	Sabaceda, 15	Sumidoiros conexión.....180 €	Aqualia Aparellador municipal

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:55 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.